

infracción da Lei 8/2004, do 30 de xullo, de protección, control, infraccións e sancións en materia marítimo-pesqueira de Galicia (DOG nº 162, do 20 de agosto).

O interesado dispón dun prazo de dez días, contado a partir do día seguinte ao da publicación deste edicto, para examinar o expediente e interpoñer, dentro do prazo que en cada caso se establezca, o recurso pertinente.

O expediente relacionado a seguir atópase á disposición do interesado no citado Departamento Territorial de Vigo, Concepción Arenal, 8.

Nº de expediente: PESAN1 2010/000009-5.

Denunciado: Miguel Vázquez Calvar.

DNI: 35252464-L.

Enderezo: Santracán, 72-A, Cobres-Vilaboa (Pontevedra).

Precepto infrinxido: 11.2º.

Sanción: 250 euros.

De conformidade co previsto na orde da Consellería de Economía e Facenda do 23 de novembro de 2001 (DOG nº 235, do 5 de decembro), o importe da devandita sanción deberá ser aboado nos prazos que establece o Regulamento xeral de recadación, ou do contrario procederase, sen máis trámite, ao seu cobramento pola vía de constrinximento regulamentaria. Para o pagamento en período voluntario o interesado deberá recoller no antedito Departamento Territorial da Consellería do Mar o documento de ingreso correspondente.

Vigo, 13 de agosto de 2010.

Sonia Lorenzo Santos
Xefa territorial de Vigo

PORTOS DE GALICIA

Resolución do 30 de agosto de 2010 pola que se modifica a Resolución do 3 de agosto de 2010, pola que se anuncia a licitación, mediante procedemento aberto e sistema multicriterio, tramitación ordinaria e expedientes anticipados de gasto, dos contratos non suxeitos a regulación harmonizada de execución das obras que se citan. (Expediente PO-13-28-10-01 e outro máis).

Advertido un erro cometido na memoria do proxecto construtivo correspondente ás obras de edificio para estación marítima en Baiona (Pontevedra), ao exixir clasificación aos licitadores interesados, cando esta non resulta procedente debido ao importe de licitación das devanditas obras, cómpre efectuar as seguintes rectificacións no texto da Resolución do 3 de agosto de 2010, pola que se anuncia a súa licitación, publicada no *Diario Oficial de Galicia*, número 153, do 11 de agosto de 2010:

Na 2ª columna da páxina 14.604, no punto 2.a) Descrición do obxecto: edificio para estación marítima en Baiona (Pontevedra), onde di: -Clasificación: C-3-d-, debe dicir: -Clasificación: non se exige-, e engádesse un novo parágrafo ao citado punto 2.a) da mesma páxina, no cal se dispón -«Solvencia: acreditarase conforme o exixido nas cláusulas 3.3.1 e 3.3.2 do prego tipo de cláusulas administrativas particulares».

Na 1ª columna da páxina 14.605 da devandita resolución, no punto 6 Requisitos específicos do contratista, engádesse un novo punto que debe dicir: «c) Solvencia económica e técnica, se é o caso: a exixida no punto 2 anterior.»

Así mesmo, mediante esta resolución dáse publicidade á modificación do punto 2 -Clasificación do contratista e categoría do contrato- do anexo 4.10 da memoria do proxecto construtivo das obras de referencia, e á do punto 5 do cadro de características do contrato relativo ás obras de referencia, publicado no enderezo da internet: <http://www.xunta.es/contratacion/resultado.jsp?N=14691>, no relativo á clasificación e á solvencia exixidas aos licitadores.

-Obtención de información e da documentación corrixida:

1) Entidade: División de Contratación de Portos de Galicia. Teléfono: 981 54 53 05.

2) Enderezo da internet:

<http://www.xunta.es/contratacion/resultado.jsp?N=14691>

3) *Copy Nino*; rúa Feáns, 19, Santiago de Compostela. Teléfono: 981 58 89 38.

4) *Copy Estudio*; rúa Nova de Abaixo, 19-20 (galerías), Santiago de Compostela. Teléfono: 981 59 33 85.

-Prazo de presentación de proposicións:

Á vista do anterior, ábrese un novo prazo de presentación de ofertas para participar na licitación convocada para adxudicar, mediante procedemento aberto e sistema multicriterio, as obras de edificio para estación marítima en Baiona (Pontevedra), que rematará ás catorce (14.00) horas do vixésimo sexto (26º) día natural seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

No caso de que o mencionado día coincida en sábado ou festivo, o prazo de admisión das proposicións rematará ás catorce (14.00) horas do primeiro día hábil seguinte.

-Data de apertura de proposicións: o acto público de apertura de proposicións técnicas terá lugar ás nove (9.00) horas do décimo sétimo (17º) día natural seguinte ao do remate do prazo de presentación de ofertas. No caso de que ese día coincida en sábado ou festivo, a apertura realizarase o primeiro día hábil seguinte.

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2010.

José Manuel Álvarez-Campana Gallo
Presidente de Portos de Galicia